



asociación pola defensa da ría

NON AO CAMPO DE GOLF DE BAREDO (BAIONA)

A Asociación Pola Defensa da Ría, solidarízase coa loita da veciñanza de Baredo (Baiona) contra a pretensión municipal de expropiar terreos comunais para construír o que sería o maior campo de golf da provincia de Pontevedra (350.000 m²), creando un ambiente “axardinado” artificial que afectaría negativamente aos emblemáticos enclaves naturais de Chan da Lagoa e O Cortelliño e suporía:

- **A modificación irreversible do territorio**, cun movemento de terra de 200.000 m³ que alteraría o relevo, eliminaría a vexetación natural, e afectaría aos recursos hídricos, ao patrimonio paisaxístico e ao patrimonio arqueolóxico, comprometería os mananciais e a condución da auga ata o pobo, privatizando o uso do territorio co peche dos camiños para as persoas (a pé, a cabalo, en bicicleta, ...), e para os animais que viven en liberdade. Ademais, destruíría o xacemento arqueolóxico recentemente descuberto na zona impedindo a súa posta en valor dentro dun modelo sustentábel de turismo cultural e rural.

- **O monocultivo de grandes extensións de céspede mantido “contra natura”** cun rego intensivo e coa aplicación de inxentes cantidades de fertilizantes e biocidas, frecuentemente tóxicos e bioacumulativos, destinados a exterminar toda forma de vida natural, especialmente a subterránea (vermes, topos, etc.), para alcanzar un ambiente totalmente artificial, eliminando drasticamente a biodiversidade, e sen ter en conta o poder potencialmente contaminante do rego intensivo con augas depuradas (cunha elevada salinidade e niveis altos de nitróxeno, fósforo, materia orgánica e outros contaminantes).

Segundo a comunidade de augas o plan recolle unhas necesidades hídricas que multiplican por catro ás da parroquia de Baredo con 400 casas, abastecidas so da auga de acuíferos e mananciais e con dificultades de abastecemento nos veráns.

Aínda que se presenta como un proxecto de interese social e económico, o proxecto de campo de golf de Baredo pertence, realmente, a un **modelo de turismo insostible**, cuns beneficios que de ningún xeito compensan o consumo desmesurado de recursos. Este proxecto supón unha ameaza para o desenvolvemento dun **modelo de turismo rural e cultural de baixo impacto ambiental e respectuoso co territorio e o patrimonio**, un sector que pode crear postos de traballo estábeis e de calidade sen depredar recursos naturais tan fundamentais como a auga, a paisaxe ou a terra fértil.

Pola xunta directiva da APDR, Xulio Carmona.

Pontevedra, 24 de setembro de 2017